

XXVI edición da homenaxe “O escritor na súa terra - Letra E”

Santiago de Compostela
19 de setembro de 2020



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

VÍTOR

VAQUEIRO

fotografía: Mercedes Caoiro / diseño gráfico: distrito xamar

XXVI edición da homenaxe “O escritor na súa terra - Letra E”

Santiago de Compostela
19 de setembro de 2020

VÍTOR
VAQUEIRO

A Homenaxe O/A Escritor/a na súa Terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano á súa XXVI edición recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de Vitor Vaqueiro, que elixiu ser homenaxeado en Santiago de Compostela.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra de acollida do/a homenaxeado/a ten unha presenza fundamental. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica de Soledad Penalta), a plantación dunha árbore simbólica (un carballo elixido polo autor) e a colocación dun monólito conmemorativo.



ANTERIORES MERECEDORES/AS DESTA GALARDÓN

I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos

II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición
UXIO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo

XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

XIII Edición
MANUEL LORENZO
2007 • O Valadouro

XIV Edición
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
2008 • Melide

XV Edición
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
2009 • Vilalba

XVI Edición
MARILAR ALEIXANDRE
2010 • Santiago de Compostela

XVII Edición
PACO MARTÍN
2011 • Lugo

XVIII Edición
XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
2012 • Ribadeo

XIX Edición
MARICA CAMPO
2013 • O Incio

XX Edición
XABIER P. DOCAMPO
2014 • Castro Ribeiras de Lea

XXI Edición
XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCCAMO
2015 • Vilaboa

XXII Edición
HELENA VILLAR JANEIRO
2016 • Rianxo

XXIII Edición
MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
2017 • Lugo

XXIV Edición
Nacho Talbo
2018 • Oleiros

XXV Edición
Pilar Pallarés
2019 • A Coruña



11:30 Parque de Galeras Descubrimento do Monólito conmemorativo e plantación do carballo (árbore simbólica do escritor)

- Interveñen:
- **Cesáreo Sánchez**, Presidente da AELG
 - **Vitor Vaqueiro**, Letra E 2020
 - **Alcalde de Santiago**, ou persoa en quen delegue

12:30 Pazo de Raxoi (Salón Vermello) Acto de entrega da “Letra E”

- Interveñen:
- **Anna R. Figueiredo**, Vicepresidenta da AELG
 - **Cesáreo Sánchez Iglesias**, Presidente da AELG
 - **Xabier Paz**: Laudatio do autor
 - **Soledad Penalta**: Entrega dunha peza escultórica da súa creación
 - **Vitor Vaqueiro**: Intervención do homenaxeado. Resposta á laudatio
 - **Alcalde de Santiago**, ou persoa en quen delegue

Neste 2020, o xantar de confraternidade suspéndese pola situación sanitaria xerada pola Covid-19



Concello da Santiago, 19 de setembro de 2020

Falar de Vitor Vaqueiro, considerar a súa obra e facelo en público, ten para min, antes de todo, unha forte palpitación fraterna. Celebrar a Vitor creador é traer á luz a xenealoxía dunha relación, acaso infrecuente. E facelo no berce e escenario dese arraigar afectivo, alarga esta emoción xa ben adulta, unha amizade de cincuenta anos cumpridos. O tempo inicial da nosa amizade, tempo compostelán, talvez fose o período crucial da nosa formación cívica, estética e literaria, do madurarse da nosa sensibilidade. Foi neses anos nos que a nosa condición moza viuse confrontada co vivir xa autónomo, ben que subvencionado, fóra das rutinas familiares. Neses anos o franquismo, co seu esmagamento nacional-católico de prohibicións dogmáticas, xunto co ambiente universitario, moldearon a axila aínda fresca da nosa sensibilidade xuvenil. As conversas inacabábeis, as heteróclitas e incesábeis lecturas, as máis delas apenas asimiladas, as músicas rebeldes, algunhas aínda perdurábeis, e as actividades prohibidas dentro e fóra das aulas, enforaron e coceron esa conciencia, elemento constituínte de por vida do noso ser social e estético, logo matizado pola idade.

Daquela, nin nos momentos máis tensos e perigosos, abandonamos a lectura, a música e, sobre todo, a compañía, ese noso conversar arreo verbo de calquera tema imaxinábel. Aforrarei a nómina de autores, quer antropólogos, quer científicos ou artistas visitados por nós con fruición moza. Claro que a actividade, de nome común política, e para nós militancia, consumía boa parte das nosas enerxías mozas. Iamos, cativos protagonistas, no ronsel do 68. Un 68 que xa ten o seu fito na obra poética de Vitor.

Xabier Paz

XXVI edición da homenaxe “O escritor na súa terra - Letra E”



VÍTOR
VAQUEIRO